

## Colección: Fundación Luís Seoane

### Ficha documental da epistola de Valentín Paz Andrade, a Luís Seoane

**Colección:**

**De:**

Valentín Paz Andrade;

**Para:**

Luís Seoane;

**Orixe:**

Lima (local), Lima (departamental), Perú (nacional)

**Destino:**

Nova York (local), Nova York (estatal), EEUU (nacional)

**Destino:**

Montevideo, 1985, 13º (de enderezo), Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional)

**Ficha descriptiva:**

[Tarxeta postal co membrete:] IBERIA Líneas aéreas de España // CÓRDOBA. Iglesia de San Lorenzo. St. Lawrence Church / SALAMANCA. Casa de las Conchas. Shell fish house / CÁDIZ. Convento de Sta. María. St. Mary's Convent

**Temáticas:**

Artes; Artes visuais; Asuntos particulares;

**Mencionados:**

Maruxa Seoane;

---

## Transcrición da epistola de Valentín Paz Andrade, a Luís Seoane

[s/d]

SR. LUIS SEOANE LÓPEZ  
PINTOR  
MONTEVIDEO 1985, piso 13, d. 68  
BUENOS AIRES  
(Argentina)

Queridos Maruxa e Luís:

Pouca cousa son tres noites e dous días para Lima. Mais palpase o crecemento d-este país. A cibdade está modernizándose, medrando andinamente en outura, con

certo respecto ao legado virreinal, que é inferior ao de Mexico. Cecaís Ayacucho e Cuzco –que non poden conocer– sexan outra cousa. O pulso económico e de forte base e moi ambicioso na arrancada cara a prosperidade. Non poden conocer máis que o museo antropológico, que impón asombro. A colección de cerámicas incaicas é d-unha riqueza de formas inesgotable. O poder que a maxinación comunicou a mao, e a plasticidade do instrumento de moldeo, poucos pobos de todos os tempos poderon abranguelo como euquí. Outra vez, moitas grazas, pol-as vosas xentilezas, e a mellor aperta de

Valentín

---

Créditos do proxecto web

## **Aviso legal do Consello da Cultura Galega**

*A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.*

*De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.*

*O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.*

### **Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":**

*A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.*

*A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.*

### **Consultas e colaboracións:**

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en [epistolarios@consellodacultura.gal](mailto:epistolarios@consellodacultura.gal) ou no teléfono 981957208.